



## Concello do Grove

---

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO DUN FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA ATENDER Á ACUMULACIÓN DE TAREFAS EXISTENTES NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.**

#### **Primeira.- OBXECTO**

O obxecto das presente bases é a regulación da convocatoria para a selección e nomeamento como **funcionario interino** dun **Auxiliar Administrativo** para atender ao exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial existente no departamento de Servizos Sociais, por un prazo máximo de seis meses.

#### **Segunda. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA:**

Denominación: Auxiliar administrativo.

Persoal funcionario interino (acumulación de tarefas).

Grupo/Subgrupo: C2 (auxiliar).

Número: Unha (1).

Sistema de acceso: Libre

Forma de selección: Concurso-oposición

#### **Terceira. Retribucións.**

As retribucións básicas serán as correspondentes aos funcionarios do grupo C, subgrupo C2 e as complementarias as que se fixen no acordo de nomeamento que serán conformes a un posto equivalente no Cadro de Persoal.

#### **Cuarta. Requisitos dos aspirantes.**

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou dalgún estado membro da Unión Europea, de conformidade co establecido no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Neste último caso, deberá acreditarse o dominio do idioma castelán escrito e falado.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ5SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 21



## Concello do Grove

---

- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade, e non exceder, no seu caso da máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión da titulación de graduado en educación secundaria, FPI, ou equivalente . No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá xustificarse a habilitación mediante un documento que acredite de modo fidedigno a súa homologación, ou en condicións de obtela, segundo os distintos plans de estudos.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións que se deriven do posto para desempeñar. As persoas con diversidade funcional (con algunha discapacidade recoñecida), haberán de acreditar a discapacidade e a capacidade para desempeñar as tarefas ou funcións dos postos ou prazas a que aspiran, mediante a oportuna certificación do órgano correspondente.
- e) Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Público ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse en inhabilitación ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Todos os requisitos esixidos deberán posuírse polos aspirantes o día que finalice o prazo de presentación de instancias da presente convocatoria.

### Quinta.- Publicidade

1.-Un anuncio da presente **convocatoria** publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro da anuncios da sede electrónica do Concello; publicándose o texto íntegro das presente bases, completas, na Sede Electrónica e páxina web do Concello.

2.- **As restantes publicacións** faranse no Taboleiro Anuncios (Sede Electrónica e Casa Consistorial) aos efectos do disposto no 45.1 b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Adicionalmente poderá publicarse información na páxina web do Concello.

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55S9CPKNIJ3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 21



## Concello do Grove

---

### Sexta. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1.- As instancias, dirixiranse ao Sr. Alcalde, debidamente datadas e asinadas, acompañadas dos documentos que se sinalan a continuación, e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, a través da Sede electrónica do Concello (<https://concellodogrove.sedelectronica.gal> - catálogo de trámites - instancia xeral) ou en calquera das formas que determina o art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A tal efecto poderá utilizarse o formulario previsto no **Anexo I**.

2.- As persoas aspirantes, que deberán manifestar expresamente que reúnen todas e cada unha das condicións que se esixen e que asumen o seu contido, **acompañarán á solicitude a seguinte documentación:**

- I. Copia do Documento Nacional de Identidade.<sup>1</sup>
- II. Declaración responsable de non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas (Anexo I).
- III. Declaración responsable de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións que teñen asignadas (Anexo I)
- IV. Copia da titulación esixida.
- V. No caso de estranxeiros, acreditación da nacionalidade (para os que resulten cidadáns dalgún país da UE) ou do carácter legal da residencia en España (para os restantes).
- VI. Os aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán facelo constar na solicitude a fin de ter en conta a previsión para as adaptacións de tempo e medios procedentes, para garantir a igualdade de oportunidades cos restantes participantes. Para iso achegasen xunto coa solicitude certificación da Consellería competente en materia de política social ou órganos competentes doutras Administracións Públicas que acredite discapacidade igual ou superior ao 33% e se procede por adaptación de tempos ditame Técnico Facultativo

---

<sup>1</sup> No caso de presentación da solicitude a través da Sede Electrónica do Concello do Grove, non será obrigado achegar copia do DNI, bastando coa identificación electrónica do interesado por calquera dos medios indicados no artigo 9.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 21



## Concello do Grove

---

VII. Para a **valoración da fase de concurso** as persoas aspirantes deberán presentar unha relación numerada dos méritos, no seu caso, alegados, **no modelo do Anexo II**, á que axuntarán a seguinte documentación:

a) Méritos profesionais (experiencia):

- Servizos nas Administracións Públicas: certificación, expedida pola Administración pública na que se prestou servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados. Enténdense por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral, da condición de persoal funcionario de carreira ou interino en calquera das súas modalidades.
- Servizos no sector privado: copia do contrato de traballo e informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañada dunha certificación das tarefas realizadas expedida pola persoa ou entidade empregadora

b) Cursos de formación: Certificados acreditativos da superación dos cursos onde conste a entidade convocante, denominación e contido do curso e o número de horas lectivas.

c) Méritos académicos: Copia do título oficial, ou certificación acreditativa, expedido por centros ou entidades homologadas oficialmente

d) Superación de probas selectivas: Certificación, expedida polo órgano competente, acreditativa da superación dos correspondentes procesos ou probas selectivas.

VIII. No seu caso, acreditación do nivel CELGA esixido.

Non se terán en conta os méritos alegados fóra do prazo de presentación de instancias. Así mesmo non se terán en conta as xustificacións documentais incompletas respecto ós datos requiridos no correspondente baremo presentadas fóra do prazo indicado.

De acordo co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, non será esixible a presentación de documentos orixinais polos interesados, responsabilizándose estes da veracidade de aqueles. Se existisen dúbidas derivadas da calidade das copias, o Concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polos

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. *[Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]*

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ5SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 21



## Concello do Grove

---

interesados, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4.- As persoas aspirantes deberán indicar expresamente na solicitude o/s posto/s ao que se concorre.

5.- O prazo para a presentación das solicitudes será **de 10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

Nos supostos en que a solicitude non se presente directamente no Rexistro do Concello, ou a través da Sede Electrónica (v.g. correos, rexistro doutras Administracións, etc) será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao enderezo [adlogrove@concellodogrove.com](mailto:adlogrove@concellodogrove.com).

### **Sétima.- Admisión de aspirantes**

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a **lista provisional** de aspirantes admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Dita resolución publicarase nos lugares indicados na base sétima apartado 2º, concedéndose un **prazo de 3 días para a emenda de defectos ou omisións**, e mesmo de reclamacións. Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento de oficio ou a pedimento do interesado.

Mediante Resolución da Alcaldía, aprobarase a **lista definitiva** de aspirantes admitidos e excluídos, se procederá á designación dos membros do tribunal cualificador e á determinación da data da realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Dita resolución publicarase nos lugares indicados na base sétima apartado 2º.

De non presentarse ningunha reclamación contra a lista provisional no prazo previsto, a mesma devirá definitiva.

### **Oitava.- Tribunal Cualificador.**

O Tribunal Cualificador estará constituído, de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; por cinco

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNIJ3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 21



## Concello do Grove

---

membros titulares e cinco suplentes, que serán designados pola Alcaldía no decreto polo que se aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas de cada proceso selectivo.

2.- A súa composición deberá suxeitarse aos principios de imparcialidade, profesionalidade, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

3.- Os Tribunais Cualificadores estarán integrados polas seguintes persoas:

- Presidencia: Unha persoa funcionaria de carreira coa titulación ou especialización igual ou superior á esixida na convocatoria.
- Vogalías: Tres persoas funcionarias de carreira coa titulación ou especialización iguais ou superiores á esixida na convocatoria.
- Secretaría. Unha persoa funcionaria da Corporación.

4.- A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

5.- Consonte ao principio de especialidade, os membros dos Tribunais Cualificadores deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira para o ingreso unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo.

6.- Non poderán pertencer ao órganos de selección aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

7.- As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de intervir e as aspirantes poderán recusalas, cando concorresen as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

8.- Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus compoñentes, sendo imprescindible en todo caso a persoa que ostente a presidencia e a designada para a secretaria.

9.- Os compoñentes do Tribunal observarán a confidencialidade e o sixilo profesional en todo o referente ás cuestións tratadas nas reunións, non podendo utilizar fóra das

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ5SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 21



## Concello do Grove

---

mesmas a información que posúan na súa calidade de compoñentes do tribunal referida ao proceso selectivo para o que foron nomeadas

10.- O Tribunal poderá designar persoas asesoras especialistas para todas ou algunhas das probas.

11.- O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ó respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nas mesmas, recabando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que ó efecto poidan ser requiridos

12.- O Tribunal fará públicos os resultados de cada fase da selección no lugares indicados na base sétima apartado 2º.

13.- Os membros dos Tribunais que actúen nestas probas selectivas terán dereito a percibir as indemnizacións correspondentes, conforme ó establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, e lexislación complementaria..

14.- Así mesmo, os/as interesados/as poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

15.- En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ó establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados, tanto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como nas restantes previsións normativas concordantes.

### **Novena.- Sistema de selección**

O sistema de selección será o de **concurso-oposición**.

Constará dunha primeira fase de oposición e dunha segunda fase de concurso. Para acceder á fase de concurso será preciso ter superada previamente a fase de oposición.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

### **Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55S9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 21



## Concello do Grove

---

### A) FASE DE OPOSICIÓN.

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa Anexo III durante un período de 30 minutos e determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio. Poderán preverse preguntas adicionais de reserva, que serán valoradas en caso de que se anule algunha das preguntas anteriores.

Penalizaranse as preguntas incorrectas, de forma que por cada 3 preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou á súa parte proporcional. As respostas en branco non penalizarán.

Este exercicio será cualificado entre cero (0) e dez (10) puntos, necesitándose para a súa superación obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos/as aspirantes na realización do exercicio.

Corresponderá ao Tribunal fixar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima de 5 puntos. Esta fixación, no seu caso, realizarase antes de coñecer a identidade dos aspirantes. Na puntuación que se outorga por cada resposta correcta cos descontos, debe terse en conta a puntuación máxima de 10 puntos de exercicio e que o tribunal fixara a nota de corte que determinara o 5, e polo tanto con estes parámetros fixarase as notas dos aspirantes de forma proporcional.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba de coñecemento do idioma galego, que consistirá, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto, ou nun ditado ou diálogo en relación coas funcións do posto durante un tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio cualificarase de apto / non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título do **CELGA 3** ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 21





## Concello do Grove

### B) FASE DE CONCURSO

Consistirá na valoración de méritos achegados polas persoas interesadas segundo o seguinte BAREMO:

<b>A) Experiencia profesional: Máximo 4 puntos</b>	<b>Puntuación</b>
<i>a) Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de traballo de igual categoría ou grupo de clasificación ó convocado: 0,40 puntos por ano de servizo ou fracción de 6 meses</i>	4,00 puntos
<i>b) Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de traballo de superior categoría ou grupo de clasificación ó convocado: 0,30 puntos por ano de servizo ou fracción de 6 meses</i>	4,00 puntos
<i>c) Por servizos prestados no sector privado en postos de traballo de igual categoría ou grupo de clasificación ó convocado: 0,20 puntos por ano de servizo ou fracción de 6 meses</i>	3,00 puntos
<i>d) Por servizos prestados no sector privado en postos de traballo de superior categoría ou grupo de clasificación ó convocado: 0,10 puntos por ano de servizo ou fracción de 6 meses</i>	3,00 puntos
<i>e) Por ser beneficiario/a dunha bolsa de práctica laboral na Administración pública relacionada co posto de traballo ofertado: 0,02 puntos por mes de prácticas</i>	1,00 puntos

<b>B) Cursos: Máximo 2 puntos</b>	<b>Puntuación máxima</b>
<i>De 100 horas de duración ou máis: 0,40 puntos por curso</i>	
<i>De entre 60 e 99 horas de duración: 0,30 puntos por curso</i>	

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 21



## Concello do Grove

	2,00 puntos
<i>De entre 30 e 59 horas de duración: 0,20 puntos por curso</i>	
<i>De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso</i>	

Neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración Pública, directamente relacionados co posto ó que se opta (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do acordo nacional de formación continua).

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso nin os cursos cunha duración inferior a 10 horas. Tampouco as accións formativas impartidas por entidades privadas nin as xornadas, seminarios, coloquios, charlas ou similares.

<b><i>C) Méritos académicos: Máximo 1 punto</i></b>	<b><i>Puntuación máxima</i></b>
<i>Por estar en posesión do título de doutorado.</i>	<i>1,00 puntos</i>
<i>Por estar en posesión do título universitario superior.</i>	<i>0,70 puntos</i>
<i>Por estar en posesión do título de FP de ciclo superior.</i>	<i>0,50 puntos</i>
<i>Por estar en posesión do título de bacharelato, FP de ciclo medio ou equivalente</i>	<i>0,30 puntos</i>
<i>Por estar en posesión do título de ESO ou equivalente</i>	<i>0,20 puntos</i>

Todas as titulacións deberán estar expedidas por centros ou entidades homologadas oficialmente. Non se terá en conta a titulación esixida para o posto. A valoración dun

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concelloogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 21



## Concello do Grove

título superior exclúe a do inferior. Así mesmo, neste apartado só se terán en conta os títulos académicos directamente relacionados co posto de traballo convocado.

<b>D) Superación de probas selectivas: Máximo 1 punto</b>	<b>Puntuación máxima</b>
<i>Por acreditar que se superaron todos os exercicios de probas selectivas de carácter eliminatorio convocadas no boletín ou diario oficial por unha Administración pública para acceder a unha praza de persoal funcionario de carreira ou a un posto de traballo laboral fixo de igual categoría, grupo de clasificación e contido profesional que a ofertada: 0,50 puntos por proceso</i>	1,00 puntos
<i>Por acreditar que se superou algún exercicio de probas selectivas de carácter eliminatorio convocadas no boletín ou diario oficial por calquera Administración pública para acceder a unha praza de persoal funcionario de carreira ou a un posto de traballo laboral fixo de igual categoría, grupo de clasificación e contido profesional: 0,10 puntos por proba.</i>	1,00 puntos

Neste apartado só se puntuarán as probas selectivas superadas cunha anterioridade non superior a cinco anos á data de publicación da convocatoria.

### **Décima. Criterios de desempate.**

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida nas probas de oposición.
2. Puntuación obtida na experiencia profesional en servizos prestados na administración pública.
3. Puntuación obtida na experiencia profesional en servizos prestados no eido privado.
4. Puntuación obtida na formación complementaria/específica.

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

### **Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 21



## Concello do Grove

---

5. Por sorteo entre as persoas aspirantes empatadas, que serán convocadas ó efecto

### **Décima primeira.- Comezo dos exercicios**

1.- A data e a hora en que deberá constituírse cada tribunal e nas que dará comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinadas pola Alcaldía na resolución aprobatoria da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será publicada nos lugares indicados na base sétima apartado 2º, cando menos con 5 días naturais de antelación.

2.- Convocarase ós/ás aspirantes para cada exercicio nun único chamamento e quedarán decaídos no seu dereito quen non compareza a realizalo.

3.- Para realizar os exercicios as persoas aspirantes deberán presentarse provistos do DNI ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

4.- Nos casos que sexa necesario, a orde de actuación dos aspirantes iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra « Q », atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos, segundo se determina na Resolución do 15 de marzo de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado (BOE núm. 66, do 18 de marzo de 2019)

### **Décima segunda. Desenvolvemento dos exercicios**

1.- O tribunal poderá requirir-lles os aspirantes en calquera momento que acrediten a súa identidade.

2.- Na realización e corrección dos exercicios garantirase o anonimato e o tribunal poderá empregar os medios que considere oportunos.

3.- Despois de concluír cada un dos exercicios o tribunal fará pública, nos lugares indicados na base sétima apartado 2º, a relación de aspirantes que os superaron, indicando a puntuación obtida. As persoas aspirantes non incluídas na lista terán a consideración de non aptas.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55S9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 21



## Concello do Grove

---

4.- A relación de persoas aptas en cada exercicio deberá publicarse no taboleiro de anuncios.

### **Décima terceira. Cualificacións e resultado final.**

1.- Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, nos lugares establecidos na base 5º, a relación de aspirantes que o superaron con indicación da puntuación obtida. Os/As aspirantes non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

2.- Unha vez valorados os méritos, o tribunal fará públicas as puntuacións outorgadas nos lugares establecidos na base 5ª.

3.- O Tribunal fará pública a relación definitiva de aspirantes que superasen o proceso selectivo, en orde de maior a menor puntuación, obtidas pola suma da puntuación da proba de oposición e da valoración dos méritos.

4.- As persoas que consigan maior puntuación serán propostas ao presidente da corporación para o nomeamento. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada. O Tribunal de Selección non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno Dereito.

### **Décima cuarta. Lista de reserva**

Constituirase unha lista de suplentes con todas as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, por orde decrecente de puntuación, para aqueles supostos en que sexa preciso realizar un novo nomeamento, no caso de que algún dos aspirantes renunciase a ela ou non acreditase estar en posesión dos requisitos esixidos.

### **Décima quinta. Nomeamento**

Á vista da proposta do tribunal de selección, a Alcaldía ditará unha resolución do procedemento selectivo co obxecto de proceder ao nomeamento e a alta na Seguridade Social.

As persoas seleccionadas deberán achegar no prazo de 3 días hábiles a seguinte documentación:

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55S9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 21



## Concello do Grove

---

- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Número de conta bancaria cos 20 díxitos.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

### **Décima sexta. Protección de datos**

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento do seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu RGPD. Os datos pasarán a formar parte dun ficheiro xestionado polo departamento de persoal do Concello do Grove, con sede no Edificio Administrativo, rúa Alcalde Xacobe Barral núm. 3, 36980 O Grove (Pontevedra), onde poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

### **Décima oitava . Carácter vinculante das Bases**

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, a comisión avaliadora e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

### **Décima novena. Incidencias e recursos.**

As presentes bases e a convocatoria poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e coa resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 21



## Concello do Grove

---

disposicións legais vixentes en materia de réxime local; o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do Concello (de ser o caso).

### **ANEXO I: INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA ATENDER Á ACUMULACIÓN DE TAREFAS EXISTENTES NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS.**

#### **DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos:

DNI/ NIE:

Domicilio:

Localidade:

Provincia:

Correo electrónico:

Teléfono:

#### **EXPOÑO:**

Que desexo tomar parte no proceso selectivo para

\_\_\_\_\_, segundo a convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº \_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_

#### **DECLARO BAIXO A NIÑA RESPONSABILIDADE:**

- Que reúno, á data de expiración do prazo de presentación de instancias, todas e cada unha das condicións esixidas nas Bases da convocatoria.

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EM25SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 21



## Concello do Grove

---

- Non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas, nin ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións que teñen asignadas.

*(De ser o caso, cubrir o recadro correspondente)*

Teño recoñecida unha minusvalía igual ou superior ao 33% (*Achégase certificado acreditativo*).



Solicito as seguintes adaptación de medios/tempo garantir a igualdade de oportunidades cos restantes participantes:

**SOLICITA** a admisión para participar no expresado proceso selectivo.

### Documentación adxunta:

- Copia do DNI
- Copia da titulación esixida.
- Certificado acreditativo de ter recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.
- Acreditación do nivel CELGA esixido nas Bases.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 21





## Concello do Grove

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura

### ANEXO II: RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS NA FASE DE CONCURSO

#### DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

DNI/ NIE:

**Experiencia profesional: Máximo 4 puntos.**

Empresa/Administración	Posto	Xornada	Período		Total			Puntos
			Dende	Ata	Di a	Mes	Ano	

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 21



## Concello do Grove

<b>TOTAL</b>								

### Cursos de formación: Máximo 2 puntos.

Denominación	Impartido por	Nº de horas	Puntos

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EM255SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 21



## Concello do Grove

			<b>TOTAL</b>

### Méritos académicos: Máximo 1 punto

Titulo	Expedido por	Puntos
1.		
2.		
3.		
		<b>TOTAL</b>

### Superación de probas selectivas: Máximo 1 punto

Denominación da proba selectiva	Descrición dos exercicios superados	Puntos
1.		
2.		
3.		
4.		
5.		
		<b>TOTAL</b>

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EMZ55S9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 21



## Concello do Grove

---

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

Sinatura

### **ANEXO III: PROGRAMA DE MATERIAS**

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e Suspensión.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.

Tema 4.- O acto administrativo. Concepto. Requisitos: Motivación e forma. A eficacia. A notificación.

Tema 5.- O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación e instrución. A terminación: A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo.

Tema 6.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da Administración a lei e o dereito.

Tema 7.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EM255SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 21



## Concello do Grove

---

Tema 8.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.

Tema 9.- Organización municipal. Competencias municipais.

Tema 10.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 11.- Ordenanzas e Regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 12.- Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais: Réxime Xurídico do gasto público local. Os Orzamentos locais.

Tema 13.- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción de autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia. Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais.

---

**DILIXENCIA:** As presentes bases foron aprobadas mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0746 de 14/08/2019. [Asinado dixitalmente na marxe: O Secretario.]

**Concello do Grove**

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 6AHNCECX9EM255SS9CPKNI3PX | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 21